



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Fornelos de Montes, provincia de Pontevedra,

CERTIFICO:

Que o Sr. Alcalde do Concello de Fornelos de Montes, mediante acordo de data vinte e seis de decembro de dous mil vinte e tres, adoptou o acordo que deseguido se transcribe na súa literalidade:

“

D. EMILIANO LAGE RODRÍGUEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Fornelos de Montes, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1 s) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1 s) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Vista a solicitude presentada o 20 de decembro de 2023 (Rexistro de entrada nº 2023-E-RE-536) de axuda económica presentada por D. Cayetano Tamaño Rubianes con DN. nº 77.002.893-C en calidade de representante legal da Asociación de Festexos San Lourenzo con CIF nº G-94.118.411, no que solicitan unha subvención por importe de 10.000,00 € para a actividade festas patronais San Lourenzo e Santo Cristo (Expte. nº 715/2023).

Visto que entre os obxectivos do Concello atópase o de promover e potenciar a organización e desenvolvemento das festas populares dirixidas á participación dos cidadáns.

Tendo en conta que na base de execución vixésimo primeira do orzamento do exercicio 2023, recóllese unha subvención nominativa a favor da Comisión de Festexos de Fornelos (festas patronais).

Vista a existencia de crédito na partida orzamentaria 338.48 no citado orzamento.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia, previamente delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de Alcaldía de 21 de xuño de 2023, consonte ao artigo 10 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, dado que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención finaliza o 29 de decembro de 2023.

Segundo.- Conceder á Asociación de Festexos San Lourenzo con CIF nº G-94.118.411 unha subvención nominativa polo importe de dez mil euros (10.000,00 €), para a actividade festas patronais San Lourenzo e Santo Cristo, e aprobar o gasto correspondente na partida 338.48 do orzamento vixente pola mesma cantidade, por estar previsto na base núm. 21ª das de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023.

Terceiro.- Proceder a asinar o convenio de colaboración entre o Concello de Fornelos de Montes e a Asociación de Festexos San Lourenzo, de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado.





Tel. 986 76 84 09

Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Quinto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno na primeira sesión que celebre.....”

E para que así conste e produza os oportunos efectos, expido a presente certificación, por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Emiliano Lage Rodríguez, en Fornelos de Montes, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

**Vº e prace
O alcalde.**

